

Moitas das mulleres que saen neste documental só poden ser vistas a contraluz.

Teñen medo que se lles reconozca.

Son mulleres acosadas, as veces maltratadas, sempre ameazadas.

Mulleres que sen embargo no quixeron quedarse na casa rumiando a súa desesperanza. Que decidiron pasar a acción.

Unha acción que non implica vinganza, se non a firme determinación de que nunca máis voltarían a pasar por algo parecido.

Unha acción na que case ningunha muller pensa e que sin embargo e das máis sinxelas.

Porque algunhas pensan que ata agora, se puxo case todo o esforzo, e con bon criterio, en crear estruturas de protección para as vítimas, pero apenas se lles axudou a formar parte activa na súa propia defensa. Médicos, xuíces, psicólogos, "policías custodio", "mesas de violencia", "C.I.M.", (Centros de Información á Muller), "pisos tutelados", "casas de acoxia", "casas de emerxencia" "P.S.X." (Persoal de Servizos Xerais), ... Pero, cando toda a axuda acaba... cando se chega á casa segue esperando a soedade e o medo.

E xa vai tempo de empezar.

Hai outras mulleres que esto o teñen claro. Demasiado claro. Son mulleres traballadoras. Con fillos incluso.

Pero cando chega a noite, a eso das oito, se transforman. Acuden a un xinnasio da súa cidade case todos os días, e descargan golpes contra un saco de area, un adestrador, ou outra persoa.

Practican un dos deportes cecais máis antigos do mundo: O boxeo, paradóxicamente, un deporte aínda prohibido para elas e que aínda hoxe figura como o único deporte olímpico vedado as mulleres polo Comité Olímpico Internacional.

Pero en Galicia non esperan. Dende fai case tres anos, o boxeo amateur feminino despegou na nosa comunidade que xa deu varias campañas de España recoñecidas oficialmente.

É a visibilidade máxima de que as mulleres poden acabar co último bastión masculino: a forza bruta. Esa mesma forza que posibilita a auto-defensa. Nunca como agresión. Nin sequera como contacto físico. Se non como a formación dunha forte autoestima que impide flaquear fronte a intimidación machista incluso na soedade. Que avisa o que abusa da súa forza de que xa no pode facelo máis. Que existe unha resposta ó contraluz.

Os dous grupos de mulleres conflúen nun mesmo espacio: o ring de boxeo. Onde unhas tiveron que vencer moitas resistencias para chegar a facer o que querían e outras se xogan moito máis que o pundonor ou a gloria de gañar un combate. Xoganse, as veces, a súa propia supervivencia.

Nesa confluencia nacen os cursos de defensa persoal dun doloroso parto do Sindicato Unificado de Policía, que asume o reto de organizalo a marxe das súas propias obrigacións e fora das horas de traballo cun apoio económico da Consellería de Igualdade e Violencia de Xénero e da colaboración dos divesos Concellos.

Unha experiencia piloto, única no Estado, que aínda nacendo, xa está experimentando os seus primeiros éxitos. Porque as súas técnicas son únicas e non se basan na agresión, no contragolpe ou siquiera a simple defensa fronte as agresións externas. A maioría das veces se trata simplemente de perder o medo ante a violencia física e a creación da propia auto-estima.

